



TURULEQUE

INDA que se remexesen todol-os anales policiacos da cibdá das Burgas, non se toparían fazañas como as feitas por aquel condanido de *Turuleque*, nin n-o grorioso padrón de graxos cérebres figuraba ningún con tantos méretos pra ser socio honorario do *Casino* en que os maleantes rapaces se axuntaban n-outros tempos, e do cal (do *Casino*) non queda hoxe mais que o vello canal tapiado que vai da Burga ô Barbaña.

Tería ús dazasete anos, y-era bô mozo, alto, ben feito e garrido como fillo do regato non entangarañado pol-a fartura; maliceoso de ley, de xenio alegre, sentido, todo corazón, mais de



unha vez díu as cadelas, que axuntara facendo encargos, ô compañeiro que afameaba ou â vella que non tiña mais agarimo que a limosna.

Así, pois, si dos municipais e xente de paz era a costante pesadilla, entre o pobo y-os barrios da Trinidad e Pena-Vixía era, como quen dî, a alhaxa dos viciños que sempre topaban e protexían suas graxadas e bulras ôs guardias do Municipio, ou *villets*, como il lles chamaba, lembrándose dos tempos de mais neno que pasara n-a cibdá do Apóstol.

Inda con ser un mozo xa feito, nadie coñeceralle moza algunha â que chamara sua noiva, non porque non-o quixeran, sinon porque, con ser tan avispado e ben cumprido, nunca se lle alcurrira que as rapazas serviran pra outra cosa que non fora erguerlle as sayas pra ver si levaban as medias rotas ou a liga vella, e botarlle a mau riba da cintura pra ver a que calaba e a que berraba; pol-o demais, ôs dazasete años tiña a idea mais limpa que hoxe os rapaces ôs oito.

Amigas sí que as tiña, y-unha mais preferida, con ser mais nena, que as outras, cicais por vela mais probe e soliña que as mais, menos legre e moréa, menos forte e resolta.

Chamábanlle María, y-era filla d' unha tri-



peira que xa morrera, deixándoa con algúns cartiños, n-as maus d' un lampantín que, dempois de comel-os, tiña n-a casa chea de fame e golpes; y-él, de corazón bondoso, achou non sei que meiguize n-aqueles ollos azues cheos de bágoas que miraban pra todo o mundo como pedindo perdón pol-o non feito.

Cando ela fuxía da casa chorando de fame ou mal trato, buscaba seu compañeiro, contáballe suas coitas, y-él, *Turuleque*, dempois de xurar e perxurar que *cando fose grande* había comer as tripas ô vello roñoso, si non tiña cadelas pra mercar un pan pra María, botábase pol-os carreiros endiante á roubar froita n-o tempo d' ela, ou o que por diante topase, como non fora diñeiro ou cousa que moito tal valesse.

Pol-o demais, fora d' estas tristuras, non había rapaz mais xentilmente agrado n-o mundo.

Tíñalle tal rábea ás beatas, que non perdoaba ocasión de xogarlles algunha boa trasnada: ben n-o rosario cosíaas unhas ás outras mentras facía que rezaba; ben posto veira da pila ofrescía-lles a mau pra tomaren auga bendita, e fuxía ríndo cando ás vellas antoxábaselles que a tal auga non cheiraba ben cando a tomaban do rapaz; ben púñase diante d' elas á botar canto á boca lle viña pra escandalizalas, cando non



contaba contos de sacristía, cheos, pol-o ben contados, de coor, unhas veces verde e outras castaño escuro.

Os *villets* non lles daba sosego: cando non-otiñan collido—que era poucas veces—andábano buscando. Unhas veces montaba d' un pulo riba d' eles; outras, tiráballes co-a *tercsiana* abaixo; cando insultábaos, botaba á correr, e ô pensar o outro que o collía, botábase n-o chau ô largo que tiña, e o probe home facía de narices a cruz c-o graxo; ás veces, de noite, sentíase ó pito, xuntábanse todos eiquí, e soaba alá, chegaban alá, e volvían os asubíos eiquí, hastra que, baixo un farol que dempois rompía, vían o diaño do graxo facéndolles unha figa: tanto sabía o cariño que por tales feitos lle tiñan os *villets*, que cando vía un, inda que non fixera nada, arrodeaba por non topeñalo, como fan os cas batidos.

Pero o campo das suas fazañas eran as hortas: él sabía dos primeiros fatós, das primeiras peras de San Xuan, das primeiras uvas, dos primeiros figos, das primeiras niñadas dos paxaros, y-él era o primeiro en catar de todo, non sin gardar o millor pra María. Tanto se convenceron os donos do caso, que xa botaban a conta da primeira froita, descontando a do *Tu-*



ruleque, posto que nin con tiros de sal, cas, cepos, nin diaños, librábanse do tributo, pois non parecía sinon que cheiraba o peligro, como os corvos a polvora.

E sempre vivindo de tal xeito, ben querido da artesanía e fuxindo dos ricos e municipales, desarrapado n-o inverno e cuase espido n-o vrau, chegoulle o tempo de servir ô Rey, caíu pra Cuba, e alá foi.

Como se despediu da María, non-o conta a historia; pro sí se sabe que â lista chegou feito un mar de bágoas, e que ô marchar ô embarque, volvía a cabeza mirando a vella torre da Trinidad, pechando os puños e deixando los-treguear non sei que pensamentos n-os fermosos ollos negros.

Pasaron anos, e o que foi quinto, volveu feito un señor, inda que o traxe de tal parecía têt alas, pol-o desexo que tiña de desapregarse do corpo do dono. E asina chegado ô seu barrio, preguntou non sei que cantas cousas, nin sei tampouco qué lle responderon; pro cando chegou á pregunta, pol-a María, e soupo que a fame y-a miseria fixera da probe nena unha de tantas, debíu sentir dolor moy fondo, porque nada dixo nin nada fixo, como non fora un panteon donde á naide se soterrou, pro que



tiña n-o tableiro de mármore o nome da sua María.

Mercou veira do Barbaña canta terra hachou, e alí fixo sua casiña, e alí puxo cantò dos seus recordos de neno lembrábanlle a historia do seu non conocido amor: alí tamen habían as primeiras froitas do tempo y-as primeiras niñadas da Primaveira; pro a sua horta non tiña balados.

Aquela seriedá do *Turuleque*, como inda lle chamaban os vellos, seica impuña respeto ôs rapaces, que nunca se estreveron á levar nin un vago de nésparo, nin á coller un peixe pasado da línea das suas terras. E, sin embargo, n-aquela horta nada se recollía, nin xamais ouzaron n-ela algueireos de vendima, nin chapuces de redada, porque o *Turuleque* sementaba e labraba, pro deixaba podrecer o froito.

Unha noite, ô apardecer, sentíronse pasos n-os carreiros, ruido de follatos nos arbres e falar calado e temeroso de rapazallada.

O xa vello *Turuleque* baixou amodiño da casa, foi acachapándose hasta o síteo donde sintira o ruido, e veu dous rapaces, un neno e unha nena que, tremando c-o medo, collían ús pexegos: íl deixounos coller, e cando botaban aprisa pra fora, salíu do escondrixo e púxose diante.



Os nenos caíron chorando e pedindo perdon *pol-a sua nai*: él colleunos da mau, meteunos n-a casa sin facer caso dos seus berros, e pechounos n-unha habitación.

Pouco despois voltou: traíalles él mesmo de comer e un pano de pavías pra cada un. Despois sentouse á sua veira mirando como, xa tranquilos e riseiros, mataban a fame nunca cumprida, e cando os viu fartos, encheulles os bolsos de cartos e levounos da mau á porta, decíndolles:

—Cando queirades froita ou teñades fame, volvede eiquí vosoutros e mais os vosos compañeiros, que pra vos fixen esto.

E din os pequenos graxos, cando contaron o caso, que o *Turuleque* choraba mirando pra Torre da Trinidad, que branqueaba alumiada pol-a lua de unha seréa noite de vrau.....

